

MEMORIA CONSOLIDADA
UNIDADE INSTITUCIONAL DA DEPUTACION DE PONTEVEDRA
EXERCICIO 2024

1. Entidades do grupo.

A Deputación de Pontevedra é unha entidade local territorial, que conta cunha poboación oficial de 945.599 habitantes segundo o censo de poboación a 1 de xaneiro de 2024 publicado polo INE.

Forman parte da Unidade Institucional da Deputación de Pontevedra, integradas segundo o método de integración global establecido no artigo 13 da Orde HAC/836/2021 do 9 de xullo, os seguintes organismos:

- A propia Deputación de Pontevedra (entidade Dominante)

Administración á que lle corresponde o goberno, administración e prosperidade da provincia.

Finánciase mediante a participación nos tributos do Estado, o produto de operacións de crédito, as subvencións percibidas e taxas e prezos públicos. Percibe taxas por: autorizacións e licenzas de obras, anuncios publicados no BOP, expedición de documentos, xestión de impostos, taxas e prezos públicos Municipais, e prezos públicos por venda de mapas, servizos na C.I. Príncipe Felipe e o Campamento da Lanzada, entre outros.

- A Fundación Escola de Enfermería (dependencia: 100% de participación)

Institución política dependente na súa totalidade da Deputación de Pontevedra, onde a súa principal finalidade é a formación de futuros profesionais da enfermía.

Financiación establecida nun 80% polas achegas que fai a propia Deputación e o 20% restante polas matrículas do alumnado.

- O Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento (dependencia: 50% de participación)

Entidade local non territorial dependente da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra, cuxas competencias son a de servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento.

Posúe orzamento independente financiado mediante as achegas dos entes consorciados, os cales financian equitativamente ao 50% o total do seu orzamento.

- O Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca do Deza e Tabeirós-Terra de Montes (dependencia: 42% de participación)

Entidade local dependente dos municipios nos que presta o servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento, atendendo aos Concellos de Lalín, Silleda, A Estrada, Rodeiro, Dozón, Agolada, Vila de Cruces e Forcarei.

Posúe orzamento independente financiado mediante as achegas dos entes consorciados.

No relativo a súa fiscalidade, todos as entidades presentan trimestralmente as declaracións de IVE e están exentas do imposto de sociedades tal e como sinala a lei de dito imposto.

Polo que respecta á organización administrativa e estrutura de carácter político, detállase na memoria individual de cada organismo, así como o detalle de persoal necesario para atender a cada servizo.

2. Entidades multigrupo e asociadas.

Ningunha das entidades xestiona de maneira indirecta ningún dos seus servizos.

3. Información dos subgrupos das entidades.

Ningunha das entidades do grupo son, á súa vez, dominantes de outras entidades.

4. Bases de presentación das conta anuais consolidada.

Segundo a Orde HAC/836/2021, do 09 de Xullo, pola que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público local, as entidades do sector público local formularán as súas contas anuais consolidadas conforme os criterios establecidos nas normas xerais:

-Regras 44 a 51 da Instrución de Contabilidade aprobada por Orde HAP/1781/2013 do 20 de setembro.

4.1.- Imaxe fiel

- a) Estas contas anuais obtivéronse dos rexistros contables de cada organismo e preséntanse de acordo coas normas contidas na orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución de Contabilidade Local, Modelo Normal, de forma que mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, da execución do orzamento e dos resultados da Entidade.
- b) Para efectos de elaboración das contas anuais, seguíronse tanto os principios contables de carácter económico patrimonial, como os principios contables de carácter orzamentario e as normas de contabilidade

xeralmente aceptados establecidos no Plan xeral de contabilidade pública adaptado á Administración local, sendo os máis relevantes os seguintes:

A contabilidade da entidade se desenvolverá aplicando os principios contables de carácter económico patrimonial que se indican a continuación:

- Xestión continuada.
- Devengo. As transaccións e outros feitos económicos se recoñecen en función da corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, e non no momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada de aqueles. Os elementos recoñecidos de acordo con este principio son activos, pasivos, patrimonio neto, ingresos e gastos.

Se non pode identificarse claramente a corrente real de bens e servizos se recoñecen os gastos ou os ingresos, ou o elemento que corresponda, cando se produzan as variacións de activos ou pasivos que lles afecten.

- Uniformidade. Se procede a alteración xustificada dos criterios utilizados, dita circunstancia farase constar na memoria, indicando a incidencia cuantitativa e cualitativa da variación sobre as contas anuais.
- Prudencia. Mantendo certo grado de precaución nos xuízos dos que se derivan estimacións baixo condicións de incerteza, de tal maneira que os activos ou os ingresos non se sobrevaloren, e que as obrigas ou os gastos non se infravaloren. Pero, ademais, o exercicio da prudencia non supón a minusvaloración de activos ou ingresos nin a sobrevaloración de obrigas ou gastos, realizados de forma intencionada, xa que elo privaría de neutralidade a información, supoñendo un menoscabo a súa fiabilidade.
- Non compensación. Non se compensan as partidas do activo e do pasivo do balance, nin as de gastos e ingresos que integran a conta do resultado económico patrimonial ou o estado de cambios no patrimonio neto, e valóranse separadamente os elementos integrantes das contas anuais, salvo aqueles casos nos que de forma excepcional así se regule.
- Importancia relativa. A aplicación dos principios e criterios contables, esta presidida pola consideración da importancia en termos relativos que os mesmos e os seus efectos puideran presentar. Por conseguinte, poderá ser admisible a no aplicación estrita de algún deles, sempre e cando a importancia relativa en termos cuantitativos ou cualitativos da variación constatada sexa escasamente significativa e non altere, polo tanto, a imaxe fiel da situación patrimonial e dos resultados do suxeito económico. As partidas ou importes cuxa importancia relativa sexa escasamente significativa poderán aparecer agrupados con outros de

similar natureza ou función. A aplicación deste principio non poderá implicar en caso algún a transgresión de normas legais.

Nos casos de conflito entre os anteriores principios contables prevalecerá o que mellor conduza a que as contas anuais expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e do resultado económico patrimonial da entidade.

Tamén se aplicarán os principios contables de carácter orzamentario recollidos na normativa orzamentaria aplicable, e en especial os seguintes:

- Principio de imputación orzamentaria. A imputación das operacións que deban aplicarse ós orzamentos de gastos e ingresos faise de acordo cos seguintes criterios:

Os gastos e ingresos orzamentarios impútanse de acordo coa súa natureza económica e, no caso dos gastos, ademais, de acordo coa finalidade que con eles se pretende conseguir. Os gastos e ingresos orzamentarios se clasificarán, no seu caso, atendendo ao órgano encargado da súa xestión.

As obrigas orzamentarias derivadas de adquisicións, obras, servizos, prestacións o gastos en xeral impútanse ao orzamento do exercicio no que estes se realicen e con cargo aos respectivos créditos; os dereitos imputaranse ao orzamento do exercicio no que se recoñezan ou liquiden.

- Principio de desafectación. Con carácter xeral, os ingresos de carácter orzamentario destínanse a financiar la totalidade dos gastos de dita natureza, sen que exista relación directa entre uns e outros. No suposto de que determinados gastos orzamentarios se financien con ingresos orzamentarios específicos a eles afectados, o sistema contable deberá reflectir esta circunstancia e permitir o seu seguimento.

4.2.- Comparación da información

A comparación entre os datos do exercicio 2023 e os do exercicio corrente faise segundo a nova Instrución de Contabilidade, modelo normal, aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, no que o modelo de presentación de contas inclúe as do exercicio corrente e o inmediato anterior.

Ambos Consorcios Contra Incendios e Salvamento, posúen una unidade xestora responsable independente, as cales remiten a información contable remitida no anexo a esta memoria.

5. Normas de recoñecemento e valoración.

As normas de valoración seguidas na elaboración das contas anuais, así como na confección da contabilidade foron as desenvolvidas na parte segunda do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local no seu modelo

normal. Ditas normas aparecen concretadas en cada un dos seguintes epígrafes da memoria.

6. Axustes e eliminacións.

Segundo o artigo 30 da Orde HAC/836/2021 na que se establecen as normas da presentación das contas anuais consolidadas, deberán eliminarse na súa totalidade as partidas intragrupos, entendendo como tal os créditos e débedas, ingresos e gastos, fluxos de efectivo, ingresos e gastos orzamentarios entre as entidades do grupo.

Eliminamos aquelas transferencias que a entidade dominante transfere ás entidades dependentes, detalladas da seguinte forma:

DETALLE DAS TRANSFERENCIAS:	ENTIDADE DOMINANTE
	IMPORTE O.R.
Consortio Provincial contra incendios	963.500,00 €
Escola de Enfermería	504.615,00 €
	1.000,00 €
Consortio Deza - Tabeirós - Terra de Montes	468.907,00 €
IMPORTE TOTAL TRANSFERIDO	1.938.022,00 €

7. Combinacións de negocios e operacións de reestruturación empresarial.

Non se realizaron combinacións nin reestruturación empresarial ao longo deste exercicio.

8. Fondo de comercio de consolidación.

Non se realizan operacións susceptibles de detallar neste apartado no exercicio actual.

9. Diferenza negativa de consolidación.

Non se realizan operacións susceptibles de detallar neste apartado no exercicio actual. Pódese comprobar no cadro "2. Cuenta del resultado económico-patrimonial consolidado".

10. Socios externos.

Ningunha das entidades do grupo ten socios externos.

11. Modificacións na porcentaxe de participación nas entidades do grupo

Non se realizaron modificacións susceptibles de detallar neste apartado no exercicio actual.

12. Partidas correspondentes á Entidades multigrupo.

DETALLE DAS TRANSFERENCIAS:	CTAS. O.O.A.A.		CTAS. ENTIDADE DOMINANTE	
	<u>CON./ P.G.C.</u>	<u>IMPORTE D.R.</u>	<u>APLIC./ P.G.C.</u>	<u>IMPORTE O.R.</u>
Consortio contra incendios	46160/7501	963.500,00 €	46702/6510	963.500,00 €
Escola de Enfermería	40000/7501	504.615,00 €	41202/6500	504.615,00 €
	70000/7501	1.000,00 €	71202/6501	1.000,00 €
Consortio Deza - Tabeirós - Terra de Montes	40000/7501	468.907,00 €	46703/6510	468.907,00 €
	TOTAL	1.938.022,00 €	TOTAL	1.938.022,00 €

13. Participacións en entidades postas en equivalencia.

Non se realizan operacións susceptibles de detallar neste apartado no exercicio actual.

14. Principais epígrafes do balance.

Esta información aparece detallada no cadro "1. Balance consolidado".

15. Información orzamentaria consolidada.

A información relativa pode consultarse no cadro "9.Resultado presupuestario consolidado".

ANEXO QUE ACOMPAÑA Á MEMORIA:

Contén todos aqueles cadros necesarios para comprender a información da Conta Xeral Consolidada.